

ANEXO I

PROCEDEMENTO CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ACCIÓNS DE CONSERVACIÓN DE RECURSOS XENÉTICOS NA AGRICULTURA/CULTIVOS – Submedida 214.2.4 FEADER	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO D1	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	-------------------------------------	--------------------------------

Nº DE PROTOCOLO^(*)	
--------------------------------------	--

^(*) A encher polo INGACAL

DATOS DO PROXECTO		
DENOMINACIÓN: Rexeneración de xermoplasma de variedades locais de interese hortícola almacenadas no Banco de Xermoplasma do CIAM. Actualización da base de datos.		
ENDEREZO: Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo - Estrada Betanzos-Mesón do Vento Km. 7,5 San Tirso de Mabegondo		
CP: 15318	LOCALIDADE/CONCELLO: Abegondo	PROVINCIA: A Coruña
TELÉFONO: 881881846	FAX: 881881800	ENDEREZO ELECTRÓNICO: alfredo.taboada.arias@xunta.es
BREVE DESCRICIÓN DO PROXECTO	<p>A acción de conservación de recursos xenéticos na agricultura "Rexeneración de xermoplasma de variedades locais de interese hortícola almacenadas no Banco de Xermoplasma do CIAM. Actualización da base de datos" consiste na renovación do material existente no banco, así como tamén das entradas de material que se produciron nos últimos anos, e a súa caracterización agronómica e morfolóxica. Este traballo leva aparelado o da actualización da base de datos do Banco de Xermoplasma.</p> <p>Entre os anos 2013 e 2014, levouse a cabo a rexeneración e caracterización de todas as variedades de cebola, repolo e leituga e de dous tercios das variedades de tomate e pemento. Para o ano 2015 está previsto rematar os traballos de rexeneración do tercio restante de variedades de pemento e tomate. No ano 2014 houbo unha entrada importante de novo material vexetal, procedente dunha prospección feita nese ano, e parte de este material é necesario multiplicalo.</p> <p>No proxecto tamén está incluída a substitución dunha das infraestructuras empregadas, un invernadoiro multitúnel de 576 m², con sistema automatizado de control ambiental, rega e fertirrigación.</p>	

ANEXO II

PROCEDEMENTO CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ACCIÓNS DE CONSERVACIÓN DE RECURSOS XENÉTICOS NA AGRICULTURA/CULTIVOS – Submedida 214.2.4 FEADER	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO D1	DOCUMENTO MEMORIA
---	-------------------------------------	-----------------------------

Nº DE PROTOCOLO^(*)	
--------------------------------------	--

^(*) A encher polo INGACAL

DATOS DO PROXECTO		
DENOMINACIÓN: Rexeneración de xermoplasma de variedades locais de interese hortícola almacenadas no Banco de Xermoplasma do CIAM. Actualización da base de datos.		
ENDEREZO: Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo - Estrada Betanzos-Mesón do Vento Km. 7,5 San Tirso de Mabegondo		
CP: 15318	LOCALIDADE/CONCELLO: Abegondo	PROVINCIA: A Coruña

TELÉFONO: 881881801	FAX: 881881800	ENDEREZO ELECTRÓNICO: alfredo.taboada.arias@xunta.es
DESCRIPCIÓN DO PROXECTO (máximo cinco páxinas)	<p>A acción de conservación de recursos xenéticos na agricultura “Rexeneración de xermoplasma de variedades locais de interese hortícola almacenadas no Banco de Xermoplasma do CIAM. Actualización da base de datos” consiste na renovación do material existente no banco, así como tamén das entradas de material que se produciron nos últimos anos, e a súa caracterización agronómica e morfolóxica. Este traballo leva aparelado o da actualización da base de datos do Banco de Xermoplasma.</p> <p>Entre os anos 2013 e 2014, levouse a cabo a rexeneración e caracterización de todas as variedades de cebola, repolo e leituga e de dous tercios das variedades de tomate e pemento. Para o ano 2015 está previsto rematar os traballos de rexeneración do tercio restante de variedades de pemento e tomate. No ano 2014 houbo unha entrada importante de novo material vexetal, procedente dunha prospección feita nese ano, e parte de este material é necesario multiplicalo.</p> <p>No proxecto tamén está incluída a substitución dunha das infraestruturas empregadas, un invernadoiro multitúnel de 576 m², con sistema automatizado de control ambiental, rega e fertirrigación.</p>	
XUSTIFICACIÓN	<p>No banco de xermoplasma do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM), consérvanse en fase activa, poboacións orixinais e seleccións de diferentes variedades autóctonas de especies de interese hortícola de tomate (<i>Lycopersicon esculentum</i>), pemento (<i>Capsicum annum</i>), cebola (<i>Allium cepa</i>), repolo (<i>Brassica oleracea</i> var. <i>capitata</i> L.) e leituga (<i>Lactuca sativa</i>). É necesaria unha renovación do material existente no banco, para preservar a súa capacidade xerminativa e a calidade da semente.</p> <p>O material recentemente incorporado ó banco no ano 2014, é necesario multiplicalo, xa que a cantidade e a calidade da semente non é a axeitada para a súa conservación no banco de xermoplasma, para a posterior caracterización agronómica e morfolóxica.</p> <p>Para levar a cabo este traballo, é imprescindible a substitución dunha das infraestruturas empregadas, un invernadoiro multitúnel de 576 m², con sistema automatizado de control ambiental, rega e fertirrigación. A situación estrutural do invernadoiro, que ten unha antigüidade superior ós 30 anos, é crítica, xa que non permite un axeitado control ambiental, nin un aillamento correcto do exterior, producíndose constantes perdas térmicas e entradas de auga do exterior, así como roturas do plástico como consecuencia da súa situación, chegando a un punto onde as reparacións puntuais non son efectivas nin rentables.</p> <p>Esta substitución limitaríase á estrutura do invernadoiro (cimentacións, cerramentos verticais e cuberta), xa que as instalacións do mesmo (control climático, sistema de rega e fertirrigación) están en perfecto estado de funcionamento.</p> <p>Inclúese un Anexo fotográfico coa situación actual do invernadoiro.</p>	

<p>OBXECTIVOS</p>	<p>1.- Rexeneración e conservación de variedades locais autóctonas de Galicia, das seguintes especies hortícolas, conservadas no banco de xermoplasma do CIAM:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Tomate: 10 variedades locais (5 existentes no banco e 5 entradas novas obtidas no 2014) - Pemento: 22 variedades locais (4 existentes no banco e 18 entradas novas obtidas no 2014) - Cebola: 10 variedades locais (novas entradas) - Brassicas: 8 variedades locais (novas entradas) <p>2.- Actualización do inventario da base de datos das variedades locais das especies hortícolas conservadas no CIAM e incorporación das novas entradas, indicando a cantidade e capacidade xerminativa da semente, os movementos e a súa ubicación no banco.</p> <p>3.- Sustitución da estrutura dun invernadoiro multitúnel de 576 m² (cimentacións, cerramentos verticais e cuberta), con sistema automatizado de control ambiental, rega e fertirrigación, donde se levan a cabo as multiplicacións. Non é un dos obxectivos do proxecto, pero é imprescindible para poderlo levar a cabo.</p>
<p>METODOLOXÍA</p>	<p>Os traballos levaráanse a cabo no Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo.</p> <p>1.- Infraestrutura dispoñible:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Invernadoiro multitúnel de 576 m², con sistema automatizado de control ambiental, rega e fertirrigación, sendo imprescindible a súa substitución por un novo para poder levar a cabo o traballo. - Invernadoiro túnel de 250 m², con sistema automatizado de control ambiental e calefacción, con mesas de cultivo calefactables. - Cámaras de cultivo, con control de humidade e temperatura. - Cámaras de secado, con control de humidade e temperatura. - Cámara de frío con control de temperatura e humidade para a conservación de sementes (Banco de Xermoplasma). - Colorímetro Agro Weight & Color. <p>2.- Plan de Traballo:</p> <p>No ano 2015, realizaranse as seguintes actuacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Tomate: Establecerase o cultivo en invernadoiro, multiplicando 10 variedades, empregando un mínimo de 12 plantas por variedade. - Pemento: Establecerase o cultivo en invernadoiro, multiplicando 22 variedades, empregando un mínimo de 12 plantas por variedade. - Cebola: Establecerase o cultivo en exterior, multiplicando 10 variedades. - Brassicas: Establecerase o cultivo en exterior, multiplicando 8 variedades. - Caracterización das novas entradas. - Actualización da base de datos do Banco de Xermoplasma coas novas entradas de material vexetal. <p>3.- Metodoloxía da conservación:</p> <p>Secado das sementes ata un 8-9 % de humidade nunha cámara con control de humidade relativa e temperatura, durante o tempo necesario para que alcancen a % de humidade sinalada. Envasado en botes de cristal con peche hermético, incluíndo xel de sílice no seu interior. Introducción dos botes de cristal coas sementes na cámara frigorífica a unha temperatura de 2-4º C e unha HR do 45-55%. De</p>

	<p>cada accesión de sementes, gardaranse dous duplicados, un permanente e outro como semente activa. Transcurrido un mes de almacenamento na cámara de frío, faranse as probas de xerminación.</p> <p>4.- Persoal de apoio:</p> <p>Será necesaria a contratación dun Oficial de 2ª, durante 8 meses, como apoio para os traballos de campo e de conservación da semente, tanto nas labores de preparación de campos de cultivo e sementeira, labores culturais de mantemento, recolección, caracterización, calibrado e conservación.</p>
PLAN DE DIVULGACIÓN	<p>Demostracións:</p> <p>Poderanse organizar visitas ós campos de cultivo para centros de formación agraria, cooperativas ou asociacións que así o requiran.</p> <p>Outras:</p> <p>Divulgación dos traballos a través de diferentes medios de comunicación (prensa, televisión)</p> <p>Publicacións:</p> <p>Os datos recollidos dos campos de cultivo permitirán a realización de artigos divulgativos para dar a coñecer as diferentes variedades autóctonas galegas de especies hortícolas.</p>
INDICADORES	<p>O grado de cumprimento dos obxectivos do proxecto, virá determinado pola obtención de semente en cantidade suficiente e de calidade axeitada para a súa conservación no banco de xermoplasma.</p>

Anexo fotográfico

